AFRICOR LUGO



MEMORIA 2025

AFRICOR LUGO

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISÓN DE LUGO PARA O CONTROL DE RENDEMENTOS

AFRICOR LUGO

Memoria de actividades da
Asociación Provincial de Criadores de Frisón
de Lugo para o Control de Rendementos,
AFRICOR LUGO, correspondente ao ano 2025



Edita:
Africor Lugo

Maquetación e deseño:
Transmedia Comunicación & Prensa

Depósito Legal:
LU 280-2007



É un pracer para nós podervos presentar a **Memoria de actividades de Africor Lugo** do ano 2025, onde se trata de reflectir o traballo desenvolvido pola Asociación, salientando os méritos das principais ganderías no seu labor como criadores e produtores de leite.

Dende a directiva de Africor Lugo traballamos para brindar os mellores servizos, conscientes de que estamos ante un sector en continua modernización. O Control Leiteiro sempre debe procurar ir por diante do gandeiro, ofrecéndolle servizos e información que cubran as súas expectativas.

No contexto actual, coa aparición de enfermidades novas, dispoñer de animais para poder seguir producindo leite pode condicionar a viabilidade das nosas explotacións. Dende a Asociación apostamos pola cría das futuras vacas da granxa a partir da xenética da explotación, buscando a mellora da seguinte xeración mediante a utilización dos datos de Control Leiteiro e das ferramentas dispoñibles, coma programas de acoplamentos, probas xenómicas e seme sexado.

Galicia é a principal rexión produtora de leite do Estado e unha das máis importantes de Europa; de feito, a produción de leite constitúe o motor de moitas das comarcas galegas, motivo polo que debemos protexer a nosa cabana ante estes novos riscos sanitarios, pois arredor das ganderías hai moitas empresas e profesionais traballando para elas, cuxo futuro vai ligado ao das propias granxas.

Ano tras ano diminúe o número de gandeiros e tamén o de socios, pero, aínda así, o número de vacas en Control segue bastante estable grazas ao continuo crecemento das ganderías que continúan en activo, gandeiros cada vez máis profesionais que son capaces de seguir cubrindo a demanda dun produto, o leite, tan bo coma necesario para a sociedade.

Estamos convencidos de que o Control Leiteiro é unha ferramenta importante na xestión das explotacións, axudando na toma de decisións e permitindo identificar os animais verdadeiramente rendibles.

No meu nome e no da Xunta de Goberno, quixera achegar o noso agradecemento a todos aqueles que entenden o Control Leiteiro coma unha ferramenta de xestión e a todos os traballadores de Africor Lugo, polo seu esforzo en mellorar a recollida de datos e en transmitirlles información ás ganderías asociadas, así como agradecer a confianza que están a depositar todos os socios de Africor Lugo nesta, a súa Asociación.

Así mesmo, queremos deixar constancia do noso agradecemento ás institucións que financian e apoian o Control Leiteiro, xa que, deste xeito, están a potenciar o sector produtivo máis importante da provincia.

Manuel Sandamil Cabana
Presidente de Africor Lugo

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 7

2. SERVIZOS PRESTADOS AOS ASOCIADOS 9

3. O CONTROL LEITEIRO 13
- 3.1. Evolución do número de explotacións en Control Leiteiro en Galicia
- 3.2. Evolución do Programa de Control Leiteiro na provincia de Lugo
- 3.3. Estrutura do rabaño
- 3.4. Distribución por concello das explotacións en Control Leiteiro

4. FORMACIÓN 19
- 4.1. XVII Xornada Técnica de Produción de Leite
- 4.2. Xornada Formativa
- 4.3. Escolas Inciciación Futur@s Gandeir@s
- 4.4. Xornada Formativa

5. MERCADO DE ANIMAIS 25
- 5.1. Poxas
- 5.2. Bolsa de recría

6. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO SECTOR PRODUTOR DE LEITE 29
- 6.1. XXXVII Open de Frisón GandAgro
- 6.2. XXXIX Concurso de Gando Frisón Moexmu
- 6.3. IV Open Internacional Raza Frisona (Feiradeza)
- 6.3. 45.º Concurso Nacional Conafe

7. DATOS DE CONTROL LEITEIRO 42
- 7.1. Produción
- 7.2. Analíticas
- 7.3. Partos
- 7.4. Inseminacións

8. ESTUDO DAS PRODUCIÓNS 49
- 8.1. Evolución da media de produción por vaca en Galicia
- 8.2. Producións medias por provincia
- 8.3. Evolución dos grupos de produción
- 8.4. Produción por raza

9. MELLORES GANDERÍAS POR PRODUCIÓN 55
- 9.1. Mellores explotacións por produción diaria
- 9.2. Ganderías con media de produción superior a 12.000 quilos
- 9.3. Mellores explotacións por concello

10. PRODUCIÓNS MEDIAS POR CONCELLO 66

11. CLASIFICACIÓN DAS MELLORES VACAS POR PRODUCIÓN 68
- 11.1. Mellores vacas por produción de 1.º parto
- 11.2. Mellores vacas por produción de dous ou máis partos
- 11.3. Mellores vacas por produción vitalicia

12. LONXEVIDADE 83
12.1. Motivos de baixa
12.2. Mellores ganderías por produción vitalicia
12.3. Produción por día de vida
12.4. Mellores vacas por produción por día de vida
12.5. Mellores ganderías por produción por día de vida

13. RECONTO DE CÉLULAS SOMÁTICAS 94
13.1. Reconto celular diferenciado
13.2. Mellores explotacións por reconto celular medio

14. LIBRO XENEALÓXICO 103
14.1. Animais inscritos no Libro Xenealóxico
14.2. Categorías dos animais no Libro Xenealóxico

15. CUALIFICACIÓN MORFOLÓXICA 106
15.1. Ganderías cunha media de cualificación de 81 ou máis puntos
15.2. Vacas de primeiro parto cualificadas MB 86 ou máis
15.3. Vacas Excelentes

16. VALORACIÓN XENÉTICA 114
16.1. Mellores ganderías por media de ICO
16.2. Mellores vacas por ICO
16.3. Mellores xovencas por ICO
16.4. Animais de alta valoración xenética

17. ESTUDO DAS FILLAS DE TOUROS DE XENÉTICA FONTAO 122
17.1. Datos xerais
17.2. Produción das fillas de touros de Xenética Fontao
17.3. Cualificación das fillas de touros de Xenética Fontao

18. INFORME REPRODUTIVO 134
18.1. Taxa de non retorno
18.2. Número de inseminacións por vaca preñada
18.3. Intervalo entre partos
18.4. Intervalo de parto-primeira inseminación
18.5. Intervalo parto-inseminación fecundante

19. ESTUDO DOS TOUROS USADOS EN CONTROL LEITEIRO 140
19.1. Touros máis usados
19.2. Taxa de non retorno (TNR)
19.3. Seme sexado
19.4. Facilidade de parto
19.5. Velocidade de muxido

20. INFORMACIÓN DO CONTROL LEITEIRO 156
20.1. Informe mensual
20.2. Informe de lactacións
20.3. Informe técnico
20.4. Informe anual

21. MELLORES GANDERÍAS DA PROVINCIA DE LUGO 163

1. INTRODUCIÓN

A Asociación Provincial de Gandeiros de Lugo para o Control de Rendementos, Africor Lugo, é unha asociación sen ánimo de lucro, que, dende o ano 1992, vén realizando o Control Leiteiro Oficial na provincia de Lugo.

Na actualidade dáselles servizo a 1.044 socios, a través dun cadro de persoal de 46 empregados.

Os controladores visitan mensualmente todas as explotacións asociadas, recollendo datos de produción, reprodución e mostras de leite de cada vaca, o que permite obter unha información que, unha vez procesada, é remitida ao gandeiro en informes con periodicidade mensual.

Toda esta información serve para unha mellor xestión das ganderías asociadas, tanto a nivel reprodutivo, como sanitario, para o control da alimentación, a orientación sobre a mellora xenética, a recría etc. Así mesmo, con esta información realízanse as avaliacións xenéticas oficiais a nivel nacional, que permiten valorar tanto as vacas coma os touros utilizados na inseminación artificial.

A estrutura organizativa de Africor Lugo é a seguinte:

- Asemblea Xeral: formada por todos os socios, órgano supremo de decisión.
- Consello Xeral de Delegados: composta polos representantes de cada concello. É un órgano consultivo.
- Xunta de Goberno: composta polos sete delegados con maior número de votos elixidos pola Asemblea Xeral.

Xunta de Goberno de Africor Lugo:

Presidente:	D. Manuel Sandamil Cabana
Vicepresidente:	D. José Alberto Iglesia Vila
Secretaria:	Dna. María Castro López
Tesoureira:	Dna. Águeda Capón Fernández
Interventor:	D. Julio López Fernández
Vogal:	D. Moisés Vispalia Pernas
Vogal:	D. Iván Río Lorenzo

Africor Lugo forma parte, xunto co resto das Africores provinciais, da Federación Frisona Galega (Fefriga), a entidade que representa a Galicia a nivel nacional na Confederación Nacional de Frisona Española (Conafe). Actualmente, o presidente de Africor Lugo é tamén o presidente de Fefriga e de Conafe.

Á súa vez, Africor Lugo forma parte do Centro Autonómico de Control Leiteiro (Cegacol), entidade que ostenta a delegación da Administración autonómica para a realización do Control Leiteiro en Galicia.

Os datos presentados nesta Memoria pretenden amosar o traballo das ganderías lucenses na mellora das súas explotacións. A mellora das producións está baseada nun manexo máis axeitado do gando, tanto no que se refire ás instalacións, como á alimentación ou ás condicións de produción e ao benestar animal.

Igualmente, estase a poñer moita máis énfase na recría, tanto en calidade coma en cantidade, xunto cunha mellor selección dos animais a recría e dos touros que se han de empregar, o que contribúe igualmente ao melloramento das ganderías.

Aínda que a Memoria salienta aqueles animais e ganderías máis produtoras, o obxectivo das granxas debe ser a rendibilidade, polo que cada unha debe axustar o seu nivel de produción ás súas posibilidades e ao seu sistema de manexo. Nesa busca da rendibilidade é onde a mellora xenética pode achegar animais que sexan capaces de transformar mellor o alimento en leite, cunha maior resistencia ás enfermidades, e que duren máis tempo, obtendo así altas producións de leite, de boa calidade e a baixo custo.

Como asociación colaboradora do Plan de Mellora Gandeira de Galicia, destácanse de xeito particular os datos das fillas de touros de Xenética Fontao.

Para a elaboración da Memoria utilízanse datos correspondentes ata o 31 de decembro de 2025.

As lactacións son normalizadas a 305 días e non se empregan lactacións proxectadas. As lactacións empregadas corresponden a vacas con data de secado entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025, cun mínimo de 240 días en produción. As lactacións reais só se empregan nos cálculos de produción vitalicia.

As avaliacións xenéticas empregadas corresponden ás publicadas por Conafe en novembro de 2025.

Africor Lugo ten a certificación ISO 9001-2015, e é a primeira asociación de control leiteiro de España que conseguiu esta acreditación.

Esta certificación de calidade ten os seguintes alcances:

- Control Leiteiro
- Testaxe de equipos de medición
- Trámite e envío de documentación ao Libro Xenealóxico
- Xestión de toma de mostras para probas de filiación por ADN

O sistema de xestión da calidade que ten implantada a asociación cumpre coas esixencias da norma ISO 9001:2015 e trata de desenvolver procedementos de traballo que redunden nunha mellor calidade do servizo que se lles presta aos socios e clientes.



Bureau Veritas Certification

Certificación

Concedida a

AFRICOR LUGO - ASOCIACION PROVINCIAL DE GANDEIROS DE LUGO PARA O CONTROL DE RENDEMENTOS

RONDA DE FINGOI, 117 - BAJO - 27002 - LUGO - ESPAÑA

Bureau Veritas Certification certifica que el Sistema de Gestión ha sido auditado y encontrado conforme con los requisitos de la norma:

NORMA

ISO 9001:2015

El Sistema de Gestión se aplica a:

CONTROL LECHERO OFICIAL. TESTAJE DE EQUIPOS. TRÁMITE Y ENVÍO DE DOCUMENTACIÓN AL LIBRO GENEALÓGICO. GESTIÓN DE TOMA DE MUESTRAS PARA PRUEBAS DE FILIACIÓN POR ADN.

Número del Certificado:	ES155234 - 1
Fecha de certificación inicial con otra Entidad de Certificación:	31-12-2007
Auditoria de certificación/renovación:	28-05-2025
Caducidad del ciclo anterior:	16-05-2025
Certificado en vigor:	11-06-2025
Caducidad del certificado:	16-05-2028

Este certificado está sujeto a los términos y condiciones generales y particulares de los servicios de certificación

ENAC

Bureau Veritas Iberia S.L.
C/ Valportillo Primera 22-24, 28108 Alcobendas - Madrid, España

1/1

2. SERVIZOS PRESTADOS AOS ASOCIADOS

CONTROL LEITEIRO



É a actividade principal desenvolvida pola Asociación, que ten carácter oficial, ao estar integrada no Centro Galego de Control Leiteiro (Cegacol), entidade que coordina a realización do Control Leiteiro Oficial en Galicia.

Os técnicos de campo visitan cada unha das explotacións asociadas unha vez ao mes, durante a realización do muxido, anotando a produción de cada animal e tomando unha mostra de leite por animal, para o seu posterior envío ao Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal), onde se realiza a analítica de graxa, proteína, reconto de células somáticas e BHB (betahidroxibutirato, indicador de cetose) e urea.

Durante estas visitas tamén se recollen datos reprodutivos como datas de parto, incidencias do parto, inseminacións etc., e procédense a actualizar os censos (altas e baixas) dende a última visita. Na propia visita emítese un informe do traballo realizado, o cal contén índices e ratios calculados a partir dos datos recollidos.

Cada visita realízase cun intervalo entre 26 a 35 días dende a visita do mes anterior, sempre cambiando de mes.

Toda a información recóllese en dispositivos móbiles e procésase en Africor Lugo, onde se xeran informes que son remitidos ao gandeiro, como ferramenta de traballo para realizar unha xestión máis adecuada da súa explotación. Esta información almacénase na Coleweb, a páxina web do Control Leiteiro Oficial de Galicia: https://cegcol.xunta.gal.

No ano 2025 realizáronse 906.381 controis, recolléronse 276.912 inseminacións e déronse de alta 93.009 partos, o que dá idea do volume de datos recollidos.

XESTIÓN DE ENVÍO DE DATOS AO LIBRO XENEALÓXICO

Os técnicos de campo, en cada visita á explotación, son os encargados de recoller a información necesaria para dar de alta os animais que se atopen de novo na granxa, xa sexan altas por nacemento ou compra.

Os animais son identificados co CIB (código de identificación bovina). O controlador envía a información a Africor Lugo e, tras cotexala, envíase a Fefriga, entidad que lles asigna un número de rexistro e emite un certificado conforme está inscrito no Libro Xenealóxico. O certificado de rexistro entrégaselle ao gandeiro a través do controlador na seguinte visita.

Os gandeiros en Control Leiteiro teñen a obriga de controlar todos os efectivos da explotación e de inscribir todos os seus animais de raza frisoa no Libro Xenealóxico

No ano 2025 tramitáronse 37.058 expedientes, dos que 31.598 corresponden a nacementos na propia explotación e o resto, a compras, transferencias, cambios etc.

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA RAZA FRISOA

Outra das actividades da Asociación é a organización de eventos onde os gandeiros poidan amosar os seus animais como criadores de frisón, promovendo as súas ganderías. Os concursos de gando son, a maiores, eventos que permiten ver os avances acadados na mellora da raza frisoa, tanto a nivel xenético coma de manexo da recria, e son un punto de encontro de profesionais de dedicados á produción de leite.

Africor Lugo colabora coa Asociación de Empresarios de Muimenta na organización do concurso de gando frisón de Moexmu.

COMERCIALIZACIÓN DE ANIMAIS

Calquera socio pode publicitar os seus animais a través da bolsa de recría da páxina web e da aplicación para teléfonos móbiles, tanto machos como femias, para a súa venda. Tamén pode inscribir as femias nas poxas organizadas pola Asociación, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

A inscrición ás poxas debe realizarse, como mínimo, cun mes de antelación á súa celebración a fin de poder realizar as probas sanitarias.

A compra nas poxas organizadas por Africor Lugo está aberta a todos os gandeiros, socios ou non.

ACTIVIDADES FORMATIVAS

Africor Lugo organiza charlas formativas sobre temas de interese para o sector, onde interveñen relatores de prestixio, tanto nacionais coma estranxeiros. De xeito periódico, en colaboración con Vaca Pinta, organízase unha Xornada Técnica, entre os meses de febreiro e marzo, onde acoden centos de gandeiros e técnicos relacionados co sector para actualizar coñecementos sobre a produción de leite.

ENVÍO DE INFORMACIÓN AO MÓBIL



Permite achegar de forma fácil e rápida a información sobre eventos de importancia para os socios, como a celebración de poxas, charlas, calendario de repartición de doses etc.

Tamén se pode solicitar o envío de datos de reconto celular e de BHB a través do móbil, e son enviados no mesmo día no que se dispón das analíticas, sen ter que estar pendente de cando se publican na páxina web. O servizo é gratuíto.

PROGRAMA DE APAREAMENTOS

É un programa independente, sen interese comercial, levado a cabo por técnicos da Asociación. Trátase de acoplar os touros que o gandeiro desexe, para obter o máximo rendemento ao investimento levado a cabo en doses seminais. Disponse dun programa informático que traballa cos índices xenéticos de vacas e touros, que se actualiza constantemente. Un dos obxectivos é minimizar a consanguinidade nos cruzamentos e orientar a mellora xenética de forma personalizada en cada unha das ganderías. Existen varias modalidades en función de se o técnico visita a granxa ou non, así como do número de veces ao ano que se realizan os apareamentos. Na actualidade utilizan este servizo o 30 % dos socios.



ANÁLISE DE ADN

Este servizo préstase en colaboración co Laboratorio de Xenética Molecular de Xenética Fontao, ao que se lle remiten mostras de sangue, pelo ou cartílago, para illar o ADN do animal e poder realizar diferentes determinacións:



Freemartin: con este nome coñécense as femias xemelgas con macho. A análise do sangue de femias nadas de parto xemelgar con macho permite diferenciar aqueles animais que poden ser non aptos para a reprodución, dende o mesmo momento tras o nacemento.

A porcentaxe de femias aptas para a reprodución nadas xunto cun macho é do 16 %. É unha porcentaxe baixa, polo que non se debe arriscar a recriar unha xemelga de macho sen facerlle esta proba.

Probas xenómicas: a análise xenómica permite estimar con maior fiabilidade o valor xenético do animal, o que axuda a seleccionar mellor os animais a recriar, á vez que estas probas permiten determinar determinados xenotipos de interese, como xenes recesivos non desexables (transmisión hereditaria de enfermidades) ou xenotipos relacionados cunha maior rendibilidade para a produción de queixo (como a K-caseína) ou unha mellor dixestibilidade do leite (B-caseína).

TESTAXE DOS EQUIPOS DE MEDICIÓN

Todos os equipos utilizados para determinar a cantidade de leite producida polas vacas son testados, seguindo a normativa do ICAR, para garantir a fiabilidade da información recollida. A testaxe dos equipos realízase de forma gratuíta para os socios, tanto dos medidores portátiles como dos que dispoñen as instalacións (medición electrónica). A maiores, lévase a cabo a testaxe dos equipos doutras asociacións de Control Leiteiro do resto de España.

REPARTICIÓN DE DOSES SEMINAIS

Africor Lugo pon a disposición do socio as doses que comercializa Xenética Fontao, achegándolle toda a información a través de catálogos informativos. Así mesmo, repártense as doses da campaña de seme dentro do Programa de Mellora Gandeira de Galicia.



PÁXINA WEB

A páxina web de Africor Lugo www.africorlugo.com serve de medio de divulgación das actividades desenvolvidas pola Asociación, á vez que é o portal de referencia para a consulta de datos de Control Leiteiro.

APP

Aplicación gratuíta para o teléfono móbil que lles permite aos gandeiros aceder á información dun xeito máis rápido e sinxelo.

Esta aplicación consta basicamente de dúas partes: unha pública, dedicada a amosar as novas máis salientables do sector, así como unha bolsa de animais á venda, e outra personalizada, na que cada gandeiro pode consultar os datos dos seus animais. Así, con tan só teclear os catro últimos díxitos do crotal da vaca podemos acceder aos datos do animal, o leite producido no último control, a analítica, a súa xenealoxía, o seu estado reprodutivo e ata unha recomendación de apareamento.

Amosa dun xeito rápido e áxil a información máis salientable dunha vaca e permite comprobar a información de calquera animal sen ter que ir ata a oficina e consultar os informes en papel ou en Internet. Aínda que é preciso conectarse para actualizar os datos, unha vez descargados, pódense consultar sen necesidade de cobertura, en calquera parte do establo.

Esta aplicación é gratuíta e está dispoñible en Internet, accedendo a ela como "cegacol". Unha vez descargada en configuración, hai que darse de alta coas credenciais de Control Leiteiro (REGA e contrasinal).





3. O CONTROL LEITEIRO

O Control Leiteiro é unha ferramenta para o manexo da explotación. Os técnicos que visitan as explotacións recollen os datos, que, unha vez procesados, retornan ao gandeiro nun formato que lle permite utilizar esa información na xestión da explotación.

3.1. Evolución do número de explotacións en Control Leiteiro en Galicia

Ano	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	
					Neto	Acumulado
1992	139	330	15	99	**583**	**1.729**
1993	94	155	-2	22	**269**	**1.998**
1994	62	317	8	119	**506**	**2.504**
1995	103	182		44	**329**	**2.833**
1996	211	183	4	111	**509**	**3.342**
1997	75	154	-2	65	**292**	**3.634**
1998	75	196	-2	83	**352**	**3.986**
1999	33	185	1	57	**276**	**4.262**
2000	78	221		101	**400**	**4.662**
2001	9	5	-3	-26	**-15**	**4.647**
2002	9	-36	-1	-11	**-39**	**4.608**
2003	-30	-42	0	1	**-72**	**4.536**
2004	11	50	-1	-1	**59**	**4.595**
2005	-27	-54	-4	-11	**-96**	**4.497**
2006	-30	-73	0	-27	**-130**	**4.367**
2007	-38	-28	-4	-26	**-96**	**4.271**
2008	-25	-33	0	-9	**-67**	**4.204**
2009	10	-32	2	1	**-19**	**4.185**
2010	-56	-108	-5	-64	**-233**	**3.952**
2011	-37	-98	0	-29	**-165**	**3.787**
2012	-43	-119	0	-31	**-193**	**3.594**
2013	-41	-93	-2	-26	**-162**	**3.436**
2014	-22	-59	-1	-20	**-102**	**3.335**
2015	-41	-102	0	-21	**-164**	**3.171**
2016	-44	-107	-7	-28	**-186**	**2.985**
2017	-32	-49	-4	-23	**-108**	**2.877**
2018	-32	-45	0	-18	**-93**	**2.784**
2019	-20	-55	2	-13	**-86**	**2.698**
2020	-23	-37	1	-12	**-71**	**2.627**
2021	-26	-40	-2	-24	**-92**	**2.535**
2022	-21	-53	-1	-22	**-97**	**2.438**
2023	-32	-48	0	-15	**-95**	**2.343**
2024	-25	-58	-1	-20	**-103**	**2.240**
2025	-15	-38	-1	-24	**-78**	**2.162**

TOTAL	**775**	**1.068**	**13**	**306**
%	**35,8**	**49,4**	**0,6**	**14,2**

3.2. Evolución do Programa de Control Leiteiro na provincia de Lugo

Ano	Explotacións	Vacas (maiores de 2 anos)	Vacas/gandería
1990	216	4.260	19,7
1993	982	23.725	24,2
1996	1.664	42.550	25,6
1999	2.199	63.220	28,7
2002	2.389	88.336	37,0
2005	2.343	93.126	39,7
2008	2.209	94.899	43,0
2009	2.177	96.669	44,4
2010	2.069	97.669	47,2
2011	1.971	99.812	50,6
2012	1.852	96.264	52,0
2013	1.759	97.988	55,7
2014	1.700	98.983	58,2
2015	1.598	97.390	60,9
2016	1.491	93.394	62,6
2017	1.432	96.129	67,1
2018	1.389	96.305	69,3
2019	1.337	96.792	72,4
2020	1.304	96.097	73,7
2021	1.258	96.752	76,9
2022	1.210	97.046	80,2
2023	1.153	100.970	87,6
2024	1.106	98.688	89,2
2025	1.068	98.780	92,5

De forma gráfica:



Obsérvase un continuo incremento do tamaño das explotacións, o que, sen dúbida, é unha mostra da profesionalidade do sector.

3.3. Estrutura do rabaño

Vacas por gandería	Ganderías	Porcentaxe	Media vacas	Porcentaxe recría
Menor de 20	27	2,5	14	51,3
De 20 a 39	203	19,0	31	47,3
De 40 a 59	191	17,9	49	57,5
De 60 a 79	209	19,6	70	63,7
De 80 a 99	119	11,1	89	62,0
De 100 a 149	169	15,8	123	65,6
De 150 a 200	73	6,8	171	64,1
>200	77	7,2	317	70,6

De forma gráfica:



Podemos ver como, malia que aumenta o número de grandes explotacións, o 39 % delas teñen menos de 60 vacas.

Temos que traballar na procura dun servizo que sexa capaz de servir tanto a esas explotacións máis pequenas coma as máis grandes, que, sen dúbida, seguirán a medrar, tal e como indica a súa maior porcentaxe de recría.

3.4. Distribución por concello das explotacións en Control Leiteiro

Concello / Comarca	N.º explotacións	Vacas	Media por explotación
A FONSAGRADA	2	109	
BALEIRA	12	1.177	
A FONSAGRADA	**14**	**1.286**	**91,9**
LOURENZÁ	3	186	
MONDOÑEDO	2	106	
A MARIÑA CENTRAL	**5**	**292**	**58,4**
A PONTENOVA	3	201	
BARREIROS	12	1.185	
RIBADEO	20	1.877	
TRABADA	17	1.771	
A MARIÑA ORIENTAL	**52**	**5.034**	**96,8**
ANTAS DE ULLA	9	657	
MONTERROSO	27	2.518	
PALAS DE REI	32	3.432	
A ULLOA	**68**	**6.607**	**97,2**
CARBALLEDO	16	1.173	
CHANTADA	54	3.409	
TABOADA	38	3.048	
CHANTADA	**108**	**7.630**	**70,6**
CASTROVERDE	43	3.479	
FRIOL	33	2.424	
GUNTÍN	35	5.220	
LUGO	49	4.225	
O CORGO	21	1.254	
OUTEIRO DE REI	18	1.157	
PORTOMARÍN	26	3.303	
LUGO	**225**	**21.062**	**93,6**
MEIRA	9	891	
POL	48	5.074	
RIBEIRA DE PIQUÍN	2	45	
RIOTORTO	8	532	
MEIRA	**67**	**6.542**	**97,6**

3.4. Distribución por concello das explotacións en Control Leiteiro

Concello / Comarca	N.º explotacións	Vacas	Media por explotación
BARALLA	10	726	
BECERREÁ	4	143	
OS ANCARES	**14**	**869**	**62,1**
LÁNCARA	25	1.953	
O INCIO	6	517	
O PÁRAMO	22	2.393	
PARADELA	28	2.707	
SAMOS	15	1.218	
SARRIA	75	6.155	
TRIACASTELA	2	129	
SARRIA	**173**	**15.072**	**87,1**
ABADÍN	11	667	
BEGONTE	8	684	
CASTRO DE REI	63	8.532	
COSPEITO	36	3.286	
GUITIRIZ	58	4.146	
PASTORIZA	82	8.926	
VILALBA	17	2.091	
XERMADE	24	2.188	
A TERRA CHÁ	**299**	**30.520**	**102,1**
A POBRA DO BROLLÓN	3	232	
BÓVEDA	6	346	
MONFORTE	7	987	
O SAVIÑAO	25	2.101	
SOBER	2	200	
TERRA DE LEMOS	**43**	**3.866**	**89,9**
LUGO	**1.068**	**98.780**	**92,5**

3.4. Distribución por concello das explotacións en Control Leiteiro

Distribución xeográfica das ganderías en Control Leiteiro



4. FORMACIÓN

Africor Lugo sempre apostou pola formación como vía para acadar explotacións capaces de producir moito leite, de boa calidade e con baixos custos, pois está é a única forma de garantir o futuro do sector, traballando para ser cada vez máis eficaces e eficientes. Por iso, organízase anualmente unha Xornada Técnica dirixida a gandeiros e técnicos que traballan na produción de leite.

4.1. XVII Xornada Técnica de Produción de Leite







O auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo acolleu unha nova edición da xornada técnica anual organizada por Africor Lugo e a revista *Vaca Pinta*. O encontro serviu para debater sobre os principais asuntos de actualidade do sector vacún leiteiro, con especial atención **á loita contra a mamite, ao uso da xenómica, aos retos da profesión veterinaria e á importancia dos ensaios de millo forraxeiro**.

A inauguración oficial correu a cargo da conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, quen estivo acompañada por **Manuel Sandamil**, presidente de Africor Lugo; Carlos Seco, especialista de Abanca Agro, e **José Manuel Gegúndez**, director executivo de *Vaca Pinta*.


Belén Pombo

O programa técnico arrincou coa intervención de **Belén Pombo**, veterinaria do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal), quen analizou as ferramentas dispoñibles na entidade para combater a mamite. Na súa exposición, abordou a utilidade do reconto diferencial de células somáticas, o valor dos informes de ensaio de antibiogramas e os contidos clave da nova *Guía terapéutica en mamite bovina* editada polo Ligal.


Rita Casals

A continuación, **Jesús Combarro**, director de Banca Sectorial de Abanca, expuxo as estratexias clave para acadar unha xestión económica e financeira eficiente nas ganderías. Seguidamente, **Rita Casals** (Federación Frisona de Cataluña) e **Eduard Vila** (xerente de Agropecuaria Can Barrina SL) presentaron o relatorio "Utilización das probas xenómicas en Cataluña. Aplicación práctica en Agropecuaria Can Barrina SL", no que compartiron a súa experiencia práctica e o impacto desta tecnoloxía na produción, eficiencia e rendibilidade das explotacións. A sesión matinal pechouse coa intervención de **Carlos Carbonell** (MSD Animal Health), quen afondou nos usos prácticos da identificación electrónica en granxa.


Jesús Combarro


Carlos Carbonell

A xornada de tarde articulouse arredor de dúas mesas de debate. A primeira centrouse nos retos veterinarios do futuro e contou coa participación de catro profesionais que comparten a dobre condición de veterinarios e gandeiros: **Fermín Rico** (Centro Veterinario Meira), **Román González** (SAT Prolesa), **Roi Capón** (Cooperativa Aira) e **Juan Rodríguez** (Xunta de Galicia). A mesa estivo moderada por **Ramiro Fouz**, profesor da Facultade de Veterinaria de Lugo.


Eduard Vila





O peche do evento veu da man dunha segunda mesa redonda dedicada aos ensaios de millo forraxeiro e á importancia de empregar variedades adaptadas a cada territorio. **Adela Martínez** (con ampla traxectoria nos ensaios desenvolvidos polo Serida en Asturias) e **María Bande** (do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo) analizaron a situación actual, a evolución e o futuro deste cultivo, nun debate moderado por **María Melle**, xornalista, e **José Manuel Gegúndez**, director executivo de *Vaca Pinta*.







4.2. Xornada formativa

O 27 de xuño, coincidindo coa celebración da Asemblea Xeral da Asociación, en colaboración con *Vaca Pinta* e co patrocinio de Boehringer e Caixa Rural, contamos con **Oriol Franquesa**, un veterinario catalán experto en calidade do leite e xestión de equipos, que nos presentou o relatorio titulado "Equipos humanos en la sala de ordeño. Formación y motivación".

Nesta exposición, Oriol fixo fincapé na necesidade de valorar o traballo e as persoas que o realizan, porque a tarefa nunha sala de muxido require unha cualificación, ten uns horarios e unha retribución acorde na maioría dos casos, pero socialmente segue a estar peor valorada que noutro tipo de industria. Por que?

Franquesa incidiu en que, na situación actual, os traballadores son un dos condicionantes para moitas ganderías; así, hai que pensar que temos que competir para atraer e reter os bos profesionais. Para acadar isto, debemos buscar a súa valorización no sector primario, pois é tan necesario coma o sanitario ou a educación, pero sen a valorización social destes sectores.

Nesta xornada tamén se entregaron as distincións ás mellores ganderías da provincia.



4.3. Escolas Iniciación Futur@s Gandeir@s

A Federación Frisona Galega (Fefriga), en colaboración co Clube de Xóvenes Gandeiros (CXG), organizou dúas escolas de iniciación de futuros gandeiros. Estas escolas están deseñadas para inculcar na mocidade o amor polas vacas, ensinarlles a preparalas e coidalas, e fomentar o encontro entre rapaces con intereses similares.

As escolas tiveron lugar na finca Mouriscade de Lalín grazas á colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Grazas ao apoio da cooperativa CLUN, un grupo de seis rapaces do CXG viaxaron a Bélxica para participar na Young Breeders School, un concurso de manexo e preparación de animais onde participan equipos de todo o mundo, e onde o grupo de Galicia outra vez volveu destacar.

O equipo estivo formado por Claudia López, da gandería López Fontela; Xabi Montes, da gandería Casa do Rei; Bruno Bande, da gandería Finca Airavella; Simón Blanco, da gandería Queirugueira; Iker García, da gandería O Rubio, e María e Andrea Otero da gandería Fontixón, que representaron a España, baixo a dirección de Miguel Expósito, no Young Breeders School 2025, celebrado en Battice (Bélxica).









4.4. Xornada formativa

O 28 de novembro tivo lugar unha xornada dirixida ao persoal das Africores. Patrocinada por Xenética Fontao, permitiu a reunión de todo o persoal que traballa no Control Leiteiro en Galicia para recibir unha aprendizaxe conxunta.

A formación estivo a cargo de Ramiro Fouz, da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e dos técnicos de Conafe José Antonio Jiménez e Santiago Souto. Esta Xornada aproveitouse para explicarlles aos técnicos que visitan as explotacións como podemos usar a información xerada, para que estes, á súa vez, poidan trasladárllela aos gandeiros mes tras mes nas súas visitas.

Os técnicos de Xenética Fontao amosáronlle ao persoal o deseño e touros da campaña de seme.





5. MERCADO DE ANIMAIS

Como asociación de criadores, entre os nosos obxectivos está o de favorecer a cría de animais de raza frisoa, así como axudar os nosos asociados a facer máis rendibles as súas ganderías. Apoiar a comercialización dos animais repercute directamente sobre os gandeiros, tanto axudándolles a vendelos coma a mercalos; deste xeito, favorecemos a recría nas explotacións, pois saber que hai un mercado que valora os animais recriados nas ganderías anima algúns gandeiros a recriar máis do que precisan, buscando así un ingreso extra a tráves da venda de animais para vida.

Cada gandería ten as súas particularidades; para algunhas pode ser unha boa opción a recría, debido ás instalacións, dispoñibilidade de forraxe, nivel xenético etc. En cambio, outras prefiren centrar os seus esforzos en producir leite, ben por falta de instalación, situación sanitaria etc.

Por iso, cada unha debe escoller a estratexia que mellor se adapte ás súas circunstancias, pero Galicia é unha rexión deficitaria en animais. Todos os anos chegan miles de vacas procedentes doutras rexións do Estado ou doutros países; daquela, temos que ser conscientes de que esta dependencia fai que o prezo dos animais vai depender da nosa situación e da situación das rexións de orixe, o que pode descontrolarse en calquera momento por condicionantes económicos, sanitarios ou sociais. por iso, consideramos básico traballar no fomento da recría, como garantía de futuro para o sector produtor de leite.

Por esta razón dende Africor Lugo levamos anos a traballar na organización de poxas e na publicidade de animais en venda, na procura dun mercado interno que facilite as transacións de proximidade, pois isto pode carrexar beneficios tanto para os vendedores coma para os compradores e tamén a sociedade en xeral, creando postos de traballo e axudando ao mantemento do tecido rural, algo que só se pode acadar mediante a potenciación de actividades que leven asociada a creación de postos de traballo ligados á terra, coma é o caso da cría do gando.

5.1. Poxas

Africor Lugo, en colaboración cos concellos de Friol, Chantada, Cospeito, Sarria e O Páramo, coa Consellería do Medio Rural e con outras entidades, leva varios anos organizando poxas onde os gandeiros poidan ofertar os seus excedentes de recría. A través delas búscase crear canles de comercialización e potenciar un mercado de recría na nosa provincia.

Cómpre salientar as estritas condicións sanitarias que deben pasar os animais ofertados, os cales, grazas á colaboración dos servizos sanitarios da Consellería do Medio Rural e do Laboratorio de Sanidade e Produción Animal, son analizados fronte á rinotraquite infecciosa bovina (IBR), diarrea vírica bovina (BVD), neosporose e paratuberculose, incluíndo a analítica das súas nais, de estar na explotación, a maiores das probas sanitarias oficiais.

Lembramos que Xenética Fontao tamén colabora na promoción destas poxas coa doazón dun lote de doses por cada animal adquirido na poxa.

No ano 2025 celebráronse cinco poxas entre os meses de xaneiro a xuño.

Lugar	Data	Animais presentados	Porcentaxe de vendas	Prezo medio remate	Rango de prezos	Volume total de vendas
Friol	25 xaneiro	16	100 %	3.141	De 2.300 a 5.000	50.250
Chantada	12 marzo	14	93 %	2.723	De 2.200 a 3.350	35.400
Moexmu	5 abril	11	100 %	3.323	De 2.700 a 4.000	36.550
Sarria	10 maio	12	92 %	3.318	De 2.700 a 4.450	36.500
O Páramo	7 xuño	15	100 %	3.260	De 2.750 a 4.350	48.900
	TOTAL	**68**	**97 %**	**3.153**		**207.600**

5.1. Poxas

Ano	Animais presentados	Volume de venda	Prezo medio
2025	66	207.600	3.153
2024	60	124.700	2.602
2023	43	107.750	2.675
2022	50	123.850	2.456
2020	20	40.550	2.134
2019	63	126.500	2.074
2018	52	100.200	1.991
2017	72	141.000	2.075
2016	85	141.850	1.964
2015	109	181.950	2.073
2014	96	187.900	2.191
2013	91	181.200	2.187
2012	82	164.550	2.173
2011	71	155.700	2.278
2010	63	95.950	1.942
2009	68	131.303	2.028
2008	50	112.300	2.246
2007	77	169.750	2.517
2006	83	135.100	1.734
2005	78	114.600	1.573

Dende Africor Lugo dámoslles as grazas a todas as entidades que colaboran na dinamización do sector, ofrecéndolles a posibilidade aos gandeiros de comercializar os seus animais neste tipo de poxas.



Poxa de Friol

5.1. Poxas



Poxa de Chantada



Poxa de Moexmu



Poxa de Sarria

5.1. Poxas



Poxa do Páramo

5.2. Bolsa de recría

As poxas son unha boa canle de comercialización dos excedentes da recría, pero, dado o seu escaso número e dadas as estritas condicións de admisión para os animais alí ofertados, a bolsa de recría preséntase coma outra ferramenta a disposición dos gandeiros para poñer á venda os seus animais.

Hai que salientar a boa demanda que están a ter xatas de recría máis novas, de dous ou tres meses de idade; neste sentido, a nosa páxina web converteuse nun referente para os compradores que permanecen atentos ás novas actualizacións. Este servizo préstase a través da páxina web de Africor Lugo (**www.africorlugo.com**) e tamén a través da *app* no teléfono móbil, dun xeito áxil e dinámico. Tamén se inclúe un apartado para venda de machos para monta natural e de embrións.

Oferta

Calquera gandeiro interesado en ofertar animais para a venda pode facelo poñéndose en contacto directamente con Africor Lugo ou a través da súa controladora e procederase a actualizar a páxina web coa súa oferta.

Demanda

Aquelas persoas interesadas en saber onde poden mercar animais non teñen máis que consultar a páxina web ou poñerse en contacto con Africor Lugo.

6. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO SECTOR PRODUTOR DE LEITE

O sector produtor de leite é un dos motores da nosa comunidade, unha actividade que xera emprego, produce alimentos de calidade, mantén xente no rural e contribúe a preservar a paisaxe galega, onde se alternan zonas de monte con zonas de cultivo, sendo este o mellor metodo de protección contras os incendios, pois estas zonas de cultivo actúan como cortalumes e protexen as casas.

Galicia é a principal produtora de leite de España, pero tamén unha das principais rexións produtoras de leite de Europa, algo do que nos debemos sentir orgullosos, pois, probablemente, xunto coa pesca, sexan os sectores nos que temos un maior protagonismo.

Pola súa climatoloxía, Galicia é unha rexión privilexiada dentro de Estado para a produción de leite, o cal permite que os gandeiros na nosa comunidade sexan, ademais, agricultores que producen a maior parte do alimento para as súas vacas, algo que non pasa noutras partes de España e que permite pechar o ciclo, producindo alimento nas terras e fertilizándoas logo co esterco e xurros da gandería para que continúen sendo fértiles. Para este labor, os que poderían ser residuos desta actividade son utilizados como fertilizantes de alto valor co fin de conservar a fertilidade dos solos; sen dúbida, o mellor xeito de conseguir unha actividade sostible.

Por todo isto, consideramos fundamental darlle a coñecer a sociedade a importancia deste sector e a súa contribución tanto en valor economico, social e medioambiental coma produtor duns alimentos indispensables para o resto das persoas. Así, consideramos que as feiras e os concursos nos que participan os gandeiros non deben ser utilizados tan só para valorizar os animais, senón tamén para mellorar a raza e outros fins directos que sirvan para mostrar as persoas alleas ao sector o que facemos, e para que vexan coidamos os animais, como nos preocupa o seu benestar e como, co noso traballo e dedicación, estamos contribuíndo para que toda a sociedade poida gozar das paisaxes —con zonas de cultivo e monte—, de alimentos de calidade e da riqueza que se xera a partir dos recursos naturais.



6.1. GandAgro 2025

Silleda, Pontevedra, 20-22 de marzo de 2025



O día 22 de febreiro en Silleda tiveron lugar o XXXIII Concurso Autonómico da Raza Frisona Fefriga 2025 e o XXXVII Open de Frisón GandAgro 2025.

O xulgamento destes certames estivo a cargo do suízo Marcel Egli axudado en pista por Santiago Mato. Durante eses días Silleda converteuse no centro nacional do sector agrario, pois, ademais dos concursos de frisón, tivo lugar a Feira Abanca Cimag-GandAgro 2025, que levou ata o recinto feiral da localidade pontevedresa as principais empresas do sector, as cales, unha vez máis, utilizaron este escaparate para mostrar as súas novidades.

No concurso participaron ganderías chegadas de Cataluña, Cantabria, Asturias, Portugal, así coma das tres provincias galegas con maior importancia no sector produtor de leite. Cun total de 137 animais na pista, estes concursos mostraron os mellores animais da raza.

As ganderías participantes da provincia de Lugo foron as seguintes:

Gandería	Enderezo
A Lagoa Serabel	A Besura, Miraz, Xermade
A Vereda	Pacios, Castro de Rei
Casa Pozo	Galegos, Saa, Lugo
Rey de Miñotelo	Miñotelo, Aguarda, Pastoriza

A continuación, indícanse os campionatos obtidos polos animais destas ganderías en cada un dos concursos, onde se pode comprobar a súa boa actuación. De entre todas, debemos salientar a Ganadería Rey de Miñotelo como a gran triunfadora nas sección de xatas e xovencas e Casa Pozo, coma a mellor vaca de Galicia.

XXXIII Concurso Autonómico da Raza Frisoa Fefriga 2025

Campionato	Vaca	Gandería	Concello
Xata Campiona	Rey 1310 Maxl Holinight	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Xovenca Campiona/Gran Campiona	Rey 1239 Chief Divina	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Xovenca Campiona/Campiona Reserva	Rey 1273 Haxl Bambi	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Mellor Criador de Xovencas de Galicia		Rey de Miñotelo	Pastoriza

6.1. GandAgro 2025



Rey 1310 Maxl Holinight



Rey 1239 Chief Divina



Rey 1273 Haxl Bambi

Campionato	Vaca	Gandería	Concello
Vaca Intermedia Subcampiona	Rey 1066 Chief Bruna	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Vaca Adulta Campiona/Gran Campiona	Pozosaa Krusader 9450 Xela	Casa Pozo	Lugo



Rey 1066 Chief Bruna



Pozosaa Krusader 9450 Xela

6.1. GandAgro 2025

XXXVII Open de Frisón GandAgro 2025

Ademais das vacas galegas, no Open participan tanto animais mercados polos gandeiros galegos coma animais procedentes doutras autonomías. Nesta edición, a provincia de Lugo acadou varios galardóns nas seguintes categorías:

Campionato	Vaca	Gandería	Concello
Xovenca Campiona/Gran Campiona	Rey 1239 Chief Divina	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Xovenca Campiona/Campiona Reserva	Rey 1273 Haxl Bambi	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Mellor Criador de Xovencas Open		Rey de Miñotelo	Pastoriza
Vaca Nova Campiona	Trump Posa Radar	A Vereda	Castro de Rei
Vaca Adulta Campiona/Gran Campiona	Kergo Ozalid 6818	A Lagoa Serabel	Xermade



Rey de Miñotelo



Trump Posa Radar



Kergo Ozalid 6818

6.2. XXXIX Concurso de Gando Frisón Moexmu

Muimenta (Cospeito), do 4 ao 6 de abril

Xuíz do Concurso: D. Francisco Javier Freije Freije

Ganderías participantes: **17** Animais presentados: **85**

Gandería	Concello	Provincia
A Lagoa Serabel	Xermade	Lugo
A Vereda	Castro de Rei	Lugo
Anila	Rodeiro	Pontevedra
Antelo	Zas	A Coruña
Carballeiras	Lalín	Pontevedra
Carro	Mesía	A Coruña
Casa Pozo	Lugo	Lugo
Casás	Carballo	A Coruña
Cavadas	Xermade	Lugo
Finca La Asunción	Touro	A Coruña
Gaigo	Meira	Lugo
Gorrello	Castropol	Asturias
López Fontela y otros	Aranga	A Coruña
O Rubio	Santa Comba	A Coruña
Penelas	Castro de Rei	Lugo
Queirugueira	Val do Dubra	A Coruña
Rey de Miñotelo	Pastoriza	Lugo

Campionato	Vaca	Gandería	Concello
Xata Campiona/Reserva Gran Campiona	Rey 1303 Fitters Yuvi	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Xata Subcampiona	Rey 1332 Haniko Sony	Rey de Miñotelo	Pastoriza



Rey 1303 Fitters Yuvi



Rey 1332 Haniko Sony

6.2. XXXIX Concurso de Gando Frisón Moexmu

Campionato	Vaca	Gandería	Concello
Xovenca Campiona/Gran Campiona	Rey 1273 Haxl Bambi	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Xovenca Subcampiona	Rey 1246 Dani Brahina	Rey de Miñotelo	Pastoriza



Rey 1273 Haxl Bambi



Rey 1246 Dani Brahina

Campionato	Gandería	Concello
Mellor Criador de Xatas	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Segundo Mellor Criador de Xatas	Carballeiras	Lalín



Rey de Miñotelo



Carballeiras

6.2. XXXIX Concurso de Gando Frisón Moexmu

Campionato	Vaca	Gandería	Concello
Vaca Nova Campiona	O Rubio Thunder Mascastorm ET	O Rubio	Santa Comba
Vaca Nova Subcampiona	Casa-Nova Diana Fitters 1716	Carro	Mesía



O Rubio Thunder Mascastorm ET



Casa-Nova Diana Fitters 1716

Campionato	Vaca	Gandería	Concello
Vaca Intermedia Campiona	Rey 1066 Chief Bruna	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Vaca Intermedia Subcampiona	Ponderosa Ridgeline Lorena	Rey de Miñotelo	Pastoriza



Rey 1066 Chief Bruna



Ponderosa Ridgeline Lorena

6.2. XXXIX Concurso de Gando Frisón Moexmu

Campionato	Vaca	Gandería	Concello
Vaca Adulta Campiona/Gran Campiona	Kergo Ozalid 6818	A Lagoa Serabel	Xermade
Vaca Adulta Subcampiona	Panama de L'orangerie	Finca La Asunción	Touro


Kergo Ozalid 6818


Panama de L'orangerie

Campionato	Nai	Gandería
Mellor Descendencia de Vaca	Penelas Lundy Skalinata 5213	Penelas
Segunda Mellor Descendencia de Vaca	Carballeiras Discjockey Mega	Carballeiras

Campionato	Gandería	Concello
Mellor Criador	Ponderosa	Lleida
Segundo Mellor Criador	Gorrello	Castropol


Ponderosa


Gorrello

6.2. XXXIX Concurso de Gando Frisón Moexmu

Campionato	Gandería	Concello
Mellor Rabaño	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Segundo Mellor Rabaño	A Vereda	Castro de Rei
Mellor Gandería Nova Participación	Antelo	Zas
Segunda Mellor Gandería Nova Participación	Queirugueira	Val do Dubra

Mellor Concello	Pastoriza
Segundo Mellor Concello	Castro de Rei

Campionato	Vaca	Gandería
Mellor Ubre do Concurso	Kergo Ozalid 6818	A Lagoa Serabel
Vaca con Maior Produción do Concurso	Gaigo Torrel Cobiña	Gaigo



Gaigo Torrel Cobiña

CONCURSO DE NOVOS PREPARADORES

Posto	Nome	Gandería
Campión	Simón Blanco Vázquez	Queirugueira
Subcampión	María Otero Naval	Fontixón

CONCURSO DE NOVOS MANEXADORES

Posto	Nome	Gandería
Campión	Andrea Otero Naval	Fontixón
Subcampión	Xabier Montes Vilar	Anila



Concurso de Novos Manexadores

6.3. IV Open Internacional Raza Frisoa

Lalín, Pontevedra, do 7 ao 9 de xullo



Coincidindo coa celebración de Feiradeza, o Concello de Lalín organizou un Open da raza frisoa ao que puideron acudir animais de calquera procedencia.

O xuíz encargado de xulgar o certame foi o francés Anthony Le Trionnaire.

As ganderías participantes da provincia de Lugo foron as seguintes:

Gandería	Enderezo
A Lagoa Serabel	A Besura, Miraz, Xermade
A Vereda	Pacios, Castro de Rei
Rey de Miñotelo	Miñotelo, Aguarda, Pastoriza

Indícanse os premios acadados polos animais de Lugo:

Campionatos	Vaca	Gandería	Concello
Xata Campiona/Reserva Gran Campiona	Rey 1332 Haniko Sony	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Xata Subcampiona	Rey 1303 Fitters Yuvi	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Xovenca Campiona/Gran Campiona de Xovencas	Rey 1273 Haxl Bambi	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Mellor Criador Xovencas		Rey de Miñotelo	Pastoriza



Rey 1273 Haxl Bambi

6.3. IV Open Internacional Raza Frisoa



Rey 1332 Haniko Sony



Rey 1303 Fitters Yuvi



Rey de Miñotelo, Mellor Criador de Xovencas

Campionatos	Vaca	Gandería	Concello
Vaca Intermedia Campiona	Ponderosa Ridgeline Lorena	Rey de Miñotelo	Pastoriza
Vaca Adulta Campiona/Gran Campiona	Kergo Ozalid 6818	A Lagoa Serabel	Xermade



Kergo Ozalid 6818



Ponderosa Ridgeline Lorena

6.4. 45.º Concurso Nacional Conafe 2025

Xixón, Asturias 25-28 de setembro



O xuíz desta edición foi Santiago García Souto, axudado en pista por Francisco Javier Freije Freije.

As ganderías de Lugo que participaron no certame foron A Vereda, de Castro de Rei; A Lagoa Serabel, de Xermade; Cid, de Barreiros, e Rey de Miñotelo, de Pastoriza.

Coma de costume, o concurso comezou coas seccións de xatas e xovencas, no que, unha vez máis, a gandería Rey de Miñotelo foi a triunfadora indiscutible como o demostran os títulos recollidos: o de **Gran Campiona** foi para **Rey 1346 Dani Negariel**; o de **Reserva Gran Campiona** foi para **Rey 1370 Zulu ZYPI**; **Reserva Gran Campiona Roxa** levouno **Rey AMG GDG Turbo S Red** e, finalmente, a propia gandería foi recoñecida coma o **Mellor Criador de Xatas e Xovencas**.

Sen dúbida, as mellores xatas de España están en Pastoriza.



Rey 1346 Dani Negariel



Rey 1370 Zulu ZYPI



Rey Amg GDG Turbo S Red



Rey de Miñotelo, Mellor Criador Nacional de Xatas e Xovencas

45.º Concurso Nacional Conafe 2025

Nas seccións de vacas en lactación tamén destacou Lugo, pois a **gran campiona nacional roxa** vive na gandería Cid de Barreiros, **Ferreiro Rocio Jordy Red Roja**, unha vaca copropiedade de G. Eloy, Santiago Filgueiras, Quim Serrabasa e Agriber. A **vaca adulta subcampiona** foi da gandería Rey de Miñotelo, **Ponderosa Ridgeline Lorena**, O resto dos participantes tamén quedaron ben situados; entre eles, cómpre destacar o segundo posto na sección de vacas de cinco anos de Vilarmor Cayenne Nanci, da gandería A Lagoa Serabel (Xermade).



Ferreiro Rocio Jordy Red Roja



Ponderosa Ridgeline Lorena

6.5. 35.º Concurso Nacional da Raza Parda

O venres 25 de setembro tivo lugar o Concurso Nacional da Raza Parda, onde participou a **gandería Neifra** de Mondoñedo con tres animais e acadou o título de Xata Subcampiona Nacional con **Neifra BS Cavral 4131 Paola**, unha xata de apenas un ano de idade que abraiou o xuíz do concurso, o italiano Daniele Galbardi.



Neifra BS Cavral 4131 Paola

7. DATOS DE CONTROL LEITEIRO

O Control Leiteiro é unha ferramenta básica na xestión dunha explotación produtora de leite, capaz de xerar índices e informes a partir da información recollida polos técnicos da asociación, que axuden o gandeiro na mellora e avaliación das prácticas realizadas na gandería.

Ademais, esta información é enviada ao Libro Xenealóxico, constituíndo a base das avaliacións xenéticas.

7.1. Produción

A produción vaca a vaca e mes a mes é un dos datos básicos recollidos no Control Leiteiro, a partir da cal se calcula o leite producido por vaca na lactación.

Os controis realizados durante o ano 2025, distribuídos mensualmente, foron os seguintes:

Mes	Vacas muxidas	Leite/vaca/día	% graxa	% proteína	PL (puntuación lineal)
Xaneiro	81.503	34,8	4,22	3,49	2,64
Febreiro	81.787	35,5	4,17	3,48	2,58
Marzo	82.766	35,6	4,17	3,47	2,57
Abril	83.346	35,9	4,13	3,45	2,46
Maio	83.031	36,0	4,11	3,44	2,44
Xuño	82.290	35,9	3,98	3,38	2,41
Xullo	82.604	35,5	3,96	3,37	2,61
Setembro	82.345	35,0	4,13	3,48	2,56
Outubro	81.998	34,9	4,18	3,53	2,53
Novembro	82.009	35,1	4,24	3,55	2,50
Decembro	82.449	35,4	4,25	3,54	2,46
